



apd

R renova o seu acordo con APD para que as empresas galegas compitan cos servizos máis avanzados do mercado

- ***A directora da Asociación para o Progreso da Dirección (APD) da zona Noroeste e o director de R confirmaron esta mañá a renovación do acordo.***
- ***Así, R prosegue en Galicia a súa colaboración coa APD, impulsando actividades de valor para a comunidade empresarial cando o 5G, a Intelixencia Artificial e outros servizos de última xeración marcan maioritariamente o devir dos negocios.***
- ***Asociación e operadora ratifican, un ano máis, a súa confianza mutua e compromiso compartido en favor da formación e do intercambio de experiencias entre as empresas e os/as expertos/as.***

Mércores, 8 de febreiro de 2023.- Ana Sánchez, directora da Asociación para o Progreso da Dirección da zona Noroeste e Alfredo Ramos, director de R, selaron esta mañá a renovación do acordo de colaboración entre ambas entidades. Co novo convenio actualízase a confianza e a aposta que xa estaban a desenvolver empresa e asociación en aras do desenvolvemento de iniciativas orientadas a xerar valor nos membros da comunidade empresarial e, en suma, nas propias compañías.

Aproveitando o potencial das tecnoloxías de vangarda

Alfredo Ramos destacou que un ano máis se trata de “*renovar o noso compromiso de seguir acompañando as empresas de Galicia no seu percorrido cara á dixitalización plena. E iso implica colaborar con APD de novo no intercambio de experiencias e na formación dos/as directivos/as dos nosos negocios (...)* Superamos unha pandemia camiñando coas compañías do país e grazas a servizos de telecomunicacións pensados por e para as persoas. Focalicemos agora nas inxentes posibilidades do 5G, da Intelixencia Artificial e de tantas e tantas opcións que as tecnoloxías de última xeración nos ofrecen para que a empresa optimice os seus recursos e, sobre todo, poida competir a calquera nivel no mundo”.

Pola súa banda a directora de APD, Ana Sánchez, fixo fincapé en que *“seguir traballando conxuntamente en encontros que favorezan o ‘networking’ e a xeración de oportunidades é esencial a fin de acompañar as empresas na busca da excelencia empresarial. É a mellor contribución que podemos facer para que as compañías consigan as ferramentas con que mellorar a súa competitividade”*.

A renovación do acordo referencia o compromiso de **R** coa contorna empresarial do territorio, máis aló da actividade institucional, e a aposta conxunta coa APD por promover o **intercambio de coñecementos e experiencias** das persoas que desenvolven tarefas de alta dirección nas empresas. Un obxectivo extensible tanto a entidades privadas como públicas, e tendo en conta a profesionais que interveñan directamente ou de maneira delegada no goberno ou administración das compañías e organismos.

Novas propostas para unha nova etapa

Entre as actividades que se van desenvolver en Galicia neste novo treito de colaboración **R-APD** destaca unha **sesión do Club CEO**, xantar exclusivo destinado á alta dirección das empresas en que, sendo anfitriñas ambas as entidades, patrocínase o encontro convidando un número de ata dez máximos/as responsables (Conselleiros/as delegados/as ou directores/as xerais). Durante o evento ofrécese o relatorio dun/dunha CEO sobre un tema de actualidade empresarial ou novas tecnoloxías e dixitalización.

O convenio inclúe igualmente un encontro **APD Talks sobre tecnoloxía e negocio**, na mesma liña de fomentar o contacto con expertos/as en foros onde se discuten solucións a retos do mundo actual; ao tempo, compártense ferramentas e coñecementos de acceso ás tendencias que están a cambiar as persoas e as empresas.

Así se fixo o pasado 1 de febreiro na Coruña, nun encontro **APD Talks** titulado “Como empregar a IA para o crecemento do teu negocio”, onde expertos nesta innovadora área das novas tecnoloxías explicaron as claves para converter a IA en aliada das empresas, aforrando en custos e optimizando recursos. O auditorio -máximos/as responsables de empresas- puido achegarse, ademais, a casos reais de éxito na aplicación dalgunhas das potencialidades da Intelixencia Artificial.

sobre APD

A Asociación para o Progreso da Dirección (APD), creada en 1956, é unha entidade persoal e independente, sen ánimo de lucro e de ámbito internacional. Con máis de 3.800 empresas socias en seis países e presenza en todo o territorio nacional, a súa visión é a de chegar a ser a comunidade global de directivos/as máis influente e xeradora de coñecemento e ‘networking’ para o desenvolvemento da sociedade.

sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego é, ademais, unha das empresas do Grupo MASMOVIL, que se converteu en menos dun ano dende a súa integración na súa insignia en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,3 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 70 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal